

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

| Código | Centro | Concello | Ano académico |
|----------|------------------------------|-------------------------------|---------------|
| 15021767 | IES Plurilingüe Castro da Uz | As Pontes de García Rodríguez | 2024/2025 |

Área/materia/ámbito

| Ensinanza | Nome da área/materia/ámbito | Curso | Sesións semanais | Sesións anuais |
|----------------------------------|-----------------------------|--------|------------------|----------------|
| Educación secundaria obrigatoria | Lingua estranxeira - Inglés | 1º ESO | 3 | 105 |

Réxime

Réxime xeral-ordinario

| Contido | Páxina |
|---|---------------|
| 1. Introducción | 3 |
| 2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias | 5 |
| 3.1. Relación de unidades didácticas | 6 |
| 3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas | 9 |
| 4.1. Concrecións metodolóxicas | 34 |
| 4.2. Materiais e recursos didácticos | 37 |
| 5.1. Procedemento para a avaliación inicial | 38 |
| 5.2. Criterios de cualificación e recuperación | 38 |
| 5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes | 40 |
| 6. Medidas de atención á diversidade | 40 |
| 7.1. Concreción dos elementos transversais | 42 |
| 7.2. Actividades complementarias | 43 |
| 8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a práctica docente cos seus indicadores de logro | 44 |
| 8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora | 46 |
| 9. Outros apartados | 46 |

1. Introducción

O papel heurístico das linguas constitúe un reto para o sistema educativo, pois son instrumento de comunicación e de interacción social, de conservación e transmisión de coñecemento, de participación cidadá na vida social, de investigación, creación, experimentación e descuberta. E as linguas achégannos ao xeito de vida e ás formas de pensamento doutros pobos e dos seus patrimonios culturais.

A lingua apréndese non para falar, ler ou escribir sobre a lingua, senón para falar, ler e escribir sobre emocións, afectos e aventuras, sobre o mundo; como medio das relacións interpersoais e recoñecemento da alteridade, motor do noso pensamento e das nosas reflexións, e porta de acceso ao coñecemento. Neste marco, a formación lingüística no contexto escolar é un instrumento para a equidade, xa que debe facilitar os medios necesarios para comunicar no ámbito educativo e na vida profesional e social, nomeadamente en contextos formais e educativos, e tamén sensibilizar cara a usos creativos e lúdicos das linguas, e achegar ao patrimonio literario e cultural que estas propician.

O Consello de Europa, a través de sucesivos proxectos, está comprometido nunha política lingüística dirixida a protexer e desenvolver a herdanza lingüística e a diversidade cultural de Europa como fonte de enriquecemento mutuo, así como a facilitar a mobilidade persoal dos seus cidadáns e das súas cidadás, e o intercambio de ideas. O Marco Común Europeo de Referencia para as linguas (MCER), publicado en 2001, é un documento de particular transcendencia non só como ferramenta práctica para propiciar a reflexión sobre o ensino das linguas e a transparencia de cursos, programas e titulacións entre os Estados e dentro deles, senón tamén polo recoñecemento da competencia plurilingüe e intercultural, que transcende o concepto de multilingüismo, no seu día piar dos enfoques das políticas lingüísticas máis abertas ao recoñecemento da diversidade. Hoxe, o MCER constitúe unha referencia para proxectos e documentos clave do Consello de Europa, como a "Guía para a elaboración e posta en marcha de currículos para unha educación plurilingüe e intercultural" (2010), na que se desenvolve a noción de plurilingüismo como eixe dun enfoque centrado na rede de relacións entre distintas linguas e culturas. Nesta mesma liña, enmárcanse o informe do Foro Intergubernamental Europeo titulado "O dereito dos estudantes á calidade e á equidade en educación. O papel das competencias lingüísticas e interculturais", mantido en Xenebra en novembro 2010, e a Conferencia Intergubernamental "Calidade e inclusión en educación: o papel único das linguas", mantida en Estrasburgo en setembro de 2013. En ambos foros europeos, recoñécese a importancia da competencia lingüística e da circulación de competencias entre as linguas para lograr un maior dominio da linguaxe, clave para a inclusión social e o éxito escolar.

A educación plurilingüe e intercultural considera, con carácter xeral, a aprendizaxe de todas as linguas e culturas e, de xeito específico, os enfoques plurais transversais e integradores no seu ensino e na súa aprendizaxe. A súa finalidade é retirar barreiras artificiais entre as linguas, encerradas tradicionalmente nos sistemas escolares en compartimentos estancos, e promover o uso integral do repertorio lingüístico, discursivo, estratéxico e intercultural que posúe o alumnado e que vai adquirindo ao longo das súas diversas experiencias lingüísticas dentro e fóra do ámbito educativo. Así, o/a aprendiz plurilingüe realizará transferencias dos coñecementos e experiencias lingüísticas adquiridos nunha lingua para abordar tarefas de comunicación, creación e aprendizaxe noutra lingua diferente. Esta capacidade de transferencia non só permite descubrir as regularidades dunha lingua total ou parcialmente descoñecida e relacionalas, desde o punto de vista teórico, coas regularidades observadas noutras linguas que coñece, ou identificar termos emparentados en todas as linguas, senón que, ademais, promove a tolerancia perante palabras descoñecidas, nomeadamente importante nos contextos de comprensión que necesitan a fluidez, como son a lectura extensiva e a comprensión de textos orais sen posibilidade de verificación do entendido. A competencia plurilingüe facilitará, así, a inferencia de significados e o desenvolvemento de competencias heurísticas eficaces para identificar os elementos esenciais e secundarios nun texto descoñecido.

Pola súa banda, mediante o diálogo intercultural pónense en xogo dispositivos de relación social esenciais, como son o recoñecemento do outro como lexítimo, o reforzamento da identidade propia no recoñecemento da identidade das demais persoas, a aceptación da diversidade persoal, social e cultural, e o respecto polos dereitos fundamentais.

No contexto escolar, a aprendizaxe das linguas está dirixida ao logro de obxectivos similares, aínda que con diferentes niveis de dominio. Por iso, un estudo integrado de todas as linguas posibilita, por unha banda, que os contidos, as estratexias e os procesos traballados nunha lingua sexan igualmente utilizados nas actividades lingüísticas de comprensión e produción nas demais e, por outra, que se poida focalizar, no proceso de ensino e aprendizaxe, nos elementos diferenciadores e en todos aqueles aspectos que teñen incidencia directa na capacidade de comunicarse adecuadamente. Xa que logo, o coñecemento morfolóxico ou léxico dunha lingua pode axudar á comprensión noutra lingua; as estratexias de comprensión de lectura desenvolvidas nunha lingua poden ser transferidas para a lectura noutros idiomas; o coñecemento da estrutura dos textos descritivos permitirá producilos en calquera lingua; e o coñecemento das normas que ordenan as relacións entre xeracións, sexos, clases e grupos sociais nunha lingua informa e sensibiliza sobre a necesidade de coñecer e respectar as normas que rexen a

dimensión social do uso da lingua noutra comunidade lingüística.

Por outra parte, o tratamento integrado das linguas debe considerar o punto de partida diferente de cada unha delas. Daquela, non se pode esquecer a situación de minorización da lingua galega, que cómpre atender e dinamizar adecuadamente. Con esa finalidade, é preciso favorecer o uso e a aprendizaxe desta lingua de xeito que se impulse a súa normalización e se venzan as dificultades da súa menor presenza e repercusión social, motivadas en moitos casos por prexuízos cómpre desmontar e superar. O alumnado galego debe rematar a súa escolarización co nivel de usuario/a competente nas dúas linguas oficiais, galego e castelán, o que implica a utilización adecuada e eficaz de ambas as linguas nun amplo repertorio de situacións comunicativas, propias de diferentes ámbitos, cun grao crecente de formalidade e complexidade.

Finalmente, a situación de sociedade multilingüe e plural en que vivimos solicita un enfoque metodolóxico de carácter plurilingüe que potencie o desenvolvemento comunicativo do alumnado nas linguas que adquira ao longo da súa vida, con independencia da diferenza de fins e niveis de dominio con que as utilice, e que o faga consciente da riqueza que supón ser unha persoa plurilingüe para o desenvolvemento cognitivo e social, e para o éxito escolar. Isto implica un tratamento integrado das linguas que o alumnado está a aprender nas aulas. No caso das áreas de Lingua castelá e literatura e de Lingua galega e literatura, os currículos presentan contidos similares en gran medida, e unha distribución igualmente similar en cada un dos cursos que conforman a educación secundaria obrigatoria. Evidentemente, cada lingua ten as súas características propias, que requiren un tratamento e un traballo específico, pero hai determinados aspectos do currículo que, pola afinidade ou similitude que presentan en ambas as áreas, precisan ou ben ser abordados de maneira parella, ou ben ser presentados só nunha lingua pero traballados e practicados en cada unha delas, e utilizar a mesma terminoloxía nas dúas linguas para non dificultar incesariamente o proceso de aprendizaxe do alumnado. Daquela, o profesorado implicado no proceso de ensino e aprendizaxe de Lingua castelá e literatura e de Lingua galega e literatura, en cada curso de ambas as etapas, deberá organizar o seu labor nun currículo integrado, que transcenda as respectivas linguas nas que un/unha aprendiz sexa capaz de comunicarse. Isto supón recoñecer a existencia dunha competencia global para a comunicación lingüística e implica non só evitar a repetición de contidos naqueles aspectos comúns á aprendizaxe de calquera lingua, como son as estratexias de lectura ou o proceso de escritura, a tipoloxía textual ou a definición de termos lingüísticos, senón tamén, e especialmente, priorizar a realización de actividades comunicativas de produción e comprensión de textos orais e escritos, pois destas depende o desenvolvemento da competencia xeral en comunicación lingüística.

Ademais, nos centros docentes teñen presenza linguas estranxeiras, que tamén son abordadas na aula desde un enfoque comunicativo e intercultural, xa que o coñecemento dos valores e as crenzas compartidas por grupos sociais doutros países resulta esencial para a comunicación nesta sociedade globalizada. Así, para o tratamento integrado de linguas é preciso que, igual que acontece non caso das dúas linguas cooficiais, haxa unha coordinación entre o profesorado destas e o de linguas estranxeiras, para evitar a repetición de contidos na liña das que se mencionaron para as linguas ambientais, e para unificar a terminoloxía. Non se pode esquecer que o achegamento do alumnado á lingua estranxeira se produce, na maior parte dos casos, partindo das linguas próximas, a materna e ambientais.

Resulta obvio que para a posta en práctica destes currículos integrados e o logro dos obxectivos plurilingües e interculturais que se perseguen, o profesorado é un elemento determinante, xa que deberá potenciar unha metodoloxía adecuada para levar a cabo enfoques comunicativos e proxectos plurais e transversais, promover a reflexión metacomunicativa e metalingüística e o contraste entre linguas, ou asegurar accións coordinadas entre os departamentos lingüísticos para decidir, entre outros, desde que lingua abordar o estudo dos xéneros discursivos ou as estratexias e os procesos cognitivos que están na base das actividades lingüísticas.

As materias cuxos currículos se desenvolven ao abeiro desta introdución, as de linguas, teñen como obxectivo o desenvolvemento da competencia comunicativa do alumnado, entendida en todas as súas vertentes: pragmática, lingüística, sociolingüística e literaria.

Daquela, achegan as ferramentas e os coñecementos necesarios para se desenvolver satisfactoria e eficazmente en calquera situación de comunicación da vida privada, social e profesional. Eses coñecementos, que articulan os procesos de comprensión e expresión oral por unha banda, e de comprensión e expresión escrita por outra, constitúen instrumentos esenciais para a aprendizaxe no ámbito educativo e, posteriormente, ao longo da vida.

A reflexión literaria, presente nun bloque de contidos nas linguas ambientais, o galego e o castelán, e nas linguas clásicas, a través da lectura, mediante a comprensión e a interpretación de textos significativos, favorece o coñecemento das posibilidades expresivas da lingua, desenvolve a capacidade crítica e creativa dos/das estudantes, dálles acceso á memoria, á creatividade, á imaxinación, á descuberta das outras persoas e ao coñecemento doutras épocas e culturas, e enfróntaos/as a situacións, sentimentos e emocións nunca experimentados, que enriquecen a súa visión do mundo e favorecen o coñecemento de si mesmos/as.

En definitiva, estas materias lingüísticas perseguen o obxectivo último de contribuír á formación de cidadás e cidadáns cunha competencia comunicativa que lles permita interactuarsatisfactoriamente en todos os ámbitos que forman e van formar parte da súa vida. Isto esixe unha reflexión sobre os mecanismos de usos orais e escritos da súa propia lingua, e das outras linguas que estudan e coñecen, e a capacidade de interpretar e valorar o mundo, de formar as súas opinións propias, claras e fundamentadas, e de sentir satisfacción, a través da lectura crítica de obras

literarias.

A sociedade actual, cada vez máis heteroxénea e global, demanda un tipo de cidadán competente, que saiba o que fai e o que di de maneira creativa e autónoma. Desde a área de linguas estranxeiras, esta formación, necesariamente continua, constitúe un proceso de construción social e emocional do coñecemento na que interaccionan permanentemente o corpo, a mente, a razón e as emocións.

Nun proceso de aprendizaxe continuo, baseado na adquisición de competencias, o alumnado, mediante os coñecementos que adquiriu, será capaz de aplicar o que sabe en situacións concretas, é dicir, poñer en práctica e demostrar os coñecementos, habilidades e actitudes que posúe para resolver diferentes feitos en diversos contextos.

Cabe destacar o carácter combinado da aprendizaxe por competencias: o alumno, mediante o que sabe, debe demostrar que sabe aplicalo, pero ademais que sabe ser e estar. De esta maneira vemos como unha competencia integra os diferentes contidos que son traballados na aula (conceptos, procedementos e actitudes), exemplo dunha formación integral do alumno. En suma, estamos recoñecendo que a institución escolar non só prepara ó alumno no coñecemento de saberes técnicos e científicos, senón que o fai tamén como cidadán, de aí que deba demostrar unha serie de actitudes sociais, cívicas e intelectuais que impliquen o respecto ós demais, responsabilidade e cooperación. Esta programación recolle e integra os diferentes elementos curriculares -obxectivos, estándares de aprendizaxe e competencias- para a ensinanza da lingua estranxeira, así como criterios e indicadores de competencias para a avaliación da adquisición das competencias e o logro dos obxectivos da materia.

O IES Plurilingüe Castro da Uz está situado no concello de As Pontes de García Rodríguez, unha vila sita na comarca do Eume. A economía da localidade depende principalmente da industria, onde destaca o sector da xeración eléctrica aínda que tamén dispón de núcleos de poboación máis enfocados á agricultura e gandería e, cada vez máis, ó sector servizos. É unha localidade que conta cunha poboación duns 10.000 habitantes.

Na actualidade o Centro acolle alumnos e alumnas procedentes, principalmente, do adscrito CEIP A Fraga, aínda que nos últimos anos se están recibindo alumnos e alumnas de tódolos centros de primaria da vila. A procedencia deste alumnado é principalmente o medio urbano. No Centro hai tamén unha lixeira presenza doutras culturas minoritarias formadas principalmente por inmigrantes latinoamericanos, marroquís ou de Europa do leste. Aínda así, a maioría deste alumnado xa leva incorporado ó sistema de ensinanza dende a escola Primaria.

En liñas xerais, o nivel de lingua estranxeira do que parte o alumnado é medio. Estas circunstancias conviven coa presenza de alumnado moi motivado e capaz para acadar con éxito, nalgún casos elevado, os obxectivos destas etapas educativas.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

| Obxectivos | CCL | CP | STEM | CD | CPSAA | CC | CE | CCEC |
|--|-----|-----|------|----|-------|----|----|------|
| OBX1 - Comprender e interpretar o sentido xeral e os detalles máis relevantes de textos expresados de forma clara e na lingua estándar, buscando fontes fiables e facendo uso de estratexias como a inferencia de significados, para responder a necesidades comunicativas concretas. | 2-3 | 1-2 | 1 | 1 | 5 | | | 2 |
| OBX2 - Producir textos orixinais, de extensión media, sinxelos e cunha organización clara, usando estratexias tales como a planificación, a compensación ou a autorreparación, para expresar de forma creativa, adecuada e coherente mensaxes relevantes e responder a propósitos comunicativos concretos. | 1 | 1-2 | 1 | 2 | 5 | | 1 | 3 |
| OBX3 - Interactuar con outras persoas con crecente autonomía, usando estratexias de cooperación e empregando recursos analóxicos e dixitais, para responder a propósitos comunicativos concretos en intercambios respectuosos coas normas de cortesía. | 5 | 1-2 | 1 | 3 | 3 | 3 | | |

| Obxectivos | CCL | CP | STEM | CD | CPSAA | CC | CE | CCEC |
|--|-----|-------|------|----|-------|-----|----|------|
| OBX4 - Mediar en situacións cotiás entre distintas linguas, usando estratexias e coñecementos sinxelos orientados a explicar conceptos ou simplificar mensaxes, para transmitir información de maneira eficaz, clara e responsable. | 5 | 1-2-3 | 1 | | 1-3 | 1-3 | | 1 |
| OBX5 - Ampliar e usar os repertorios lingüísticos persoais entre distintas linguas, reflexionando de forma crítica sobre o seu funcionamento e tomando conciencia das estratexias e coñecementos propios, para mellorar a resposta a necesidades comunicativas concretas. | | 2 | 1 | 2 | 1-5 | | | |
| OBX6 - Valorar criticamente e adecuarse á diversidade lingüística, cultural e artística a partir da lingua estranxeira, identificando e compartindo as semellanzas e as diferenzas entre linguas e culturas, para actuar de forma empática e respectuosa en situacións interculturais. | 5 | 3 | | | 1-3 | 3 | | 1 |

Descrición:
3.1. Relación de unidades didácticas

| UD | Título | Descrición | % Peso materia | Nº sesións | 1º trim. | 2º trim. | 3º trim. |
|----|--------------|--|----------------|------------|----------|----------|----------|
| 1 | Introduction | <p>Repasar vocabulario relacionado coas cores, os días e os meses, os números, a hora, a familia, as partes do corpo e as preposicións de lugar.</p> <p>¿ Repasar o uso dos pronomes persoais suxeito, os adxectivos posesivos, os pronomes posesivos, o xenitivo saxón, this, that, these e those, as Wh- questions e to be / have got.</p> <p>¿ De maneira oral, saudarse e presentarse, e tratar temas de clase.</p> <p>¿ De maneira escrita, as maiúsculas, os símbolos de puntuación e a orde das palabras.</p> | 6 | 14 | X | | |
| 2 | Teen Life | <p>Aprender vocabulario relacionado co colexio, as rutinas e as actividades.</p> <p>¿ Aprender a utilizar There is / There are, os artigos, os cuantificadores e o Present Simple.</p> <p>¿ Ler de maneira comprensiva e autónoma un informe sobre o contido da</p> | 7 | 15 | X | | |

| UD | Título | Descrición | % Peso materia | Nº sesións | 1º trim. | 2º trim. | 3º trim. |
|----|----------------------|--|----------------|------------|----------|----------|----------|
| 2 | Teen Life | <p>mochila e un artigo sobre durmirse na clase.</p> <ul style="list-style-type: none"> ¿ Comprender a información clave dunha descrición sobre unha nova escola, unha conversa sobre rutinas e un pódcast sobre afeccións. ¿ De maneira oral, describir a clase, as rutinas e falar sobre tempo libre. ¿ Pronunciar correctamente os sons /s/, /z/, /ɪz/ e entoar as preguntas correctamente. ¿ Redactar unha descrición da clase, escribir un horario e un perfil persoal. | 7 | 15 | X | | |
| 3 | That's Entertainment | <p>Aprender vocabulario relacionado con adxectivos descritivos, películas e xéneros narrativos.</p> <ul style="list-style-type: none"> ¿ Aprender a empregar o Present Continuous e a diferenza entre o Present Simple e o Present Continuous. ¿ Ler de maneira comprensiva e autónoma un texto sobre unha exposición dun museo que trata sobre traxes e disfraces e unha tira de banda deseñada sobre a busca dun tesouro. ¿ Comprender a información clave dunha noticia sobre o antroido, un anuncio dunha librería e unha conversa sobre un traballo escolar. ¿ De maneira oral, describir imaxes sobre antroidos, describir un libro e facer suxestións. ¿ Pronunciar correctamente o son /dju:/ e a terminación -ing. ¿ Redactar unha páxina dun álbum de fotos, unha tarxeta informativa sobre un libro e unha recensión sobre unha película. | 7 | 16 | X | | |
| 4 | Where We Live | <p>Aprender vocabulario relacionado coa casa, os lugares da cidade e o clima.</p> <ul style="list-style-type: none"> ¿ Aprender a empregar adxectivos comparativos e superlativos. ¿ Ler de maneira comprensiva e autónoma unha liña do tempo que trata sobre os castelos ao longo do tempo e un texto dunha páxina web sobre cidades increíbeis. ¿ Comprender a información clave dunha conversa sobre un xogo de ordenador, unha conversa telefónica na que se dan indicacións e unha presentación sobre Canadá. ¿ Pronunciar correctamente os sons /ɪ/ e /tɪ/ identificando a súa diferenza e pronunciar as frases co ritmo e entoación correctos. | 15 | 15 | | X | |

| UD | Título | Descrición | % Peso materia | Nº sesións | 1º trim. | 2º trim. | 3º trim. |
|----|--------------------|---|----------------|------------|----------|----------|----------|
| 4 | Where We Live | ¿ De maneira oral comparar diferentes casas, dar indicacións para chegar a un destino e falar sobre un lugar. ¿ Redactar unha descrición sobre o deseño dunha casa, unha mensaxe e unha entrada dun blog sobre a vida no teu país. | 15 | 15 | | X | |
| 5 | Special Events | Aprender vocabulario relacionado co deporte, a comida e a roupa. ¿ Aprender a empregar os verbos modais can, must e should así como os adverbios de modo e a diferenza entre was / were e There was / There were. ¿ Ler de maneira comprensiva e autónoma un artigo sobre a diferenza entre o visionamento en pantalla ou en vivo e unha entrada dun foro sobre comida. ¿ Comprender a información clave dun anuncio sobre un evento deportivo, un pódcast sobre as festas nas ceas da antiga Roma e unha conversa sobre unha excursión escolar. ¿ De maneira oral, describir os plans para un día de deporte, describir unha comida nun restaurante e practicar un diálogo de compra de roupa. ¿ Pronunciar correctamente as contraccións de can, must e should e acentuar a sílaba tónica das palabras correctamente. ¿ Redactar unha noticia sobre un evento deportivo, unha recensión dun restaurante e un informe sobre un evento. | 15 | 15 | | X | |
| 6 | Discovering Nature | Aprender vocabulario relacionado cos accidentes xeográficos, os animais e os verbos. ¿ Aprender a empregar o Past Simple en afirmativo, negativo e interrogativo. ¿ Ler de maneira comprensiva e autónoma un ensaio sobre a natureza e un artigo de xornal sobre un visitante sorpresa. ¿ Comprender a información clave dunha actualización dunha noticia, unha presentación dun museo e unha entrevista cun experto en supervivencia. ¿ De maneira oral, describir un lugar interesante, formular preguntas sobre un animal do pasado e falar sobre unha experiencia na natureza. ¿ Pronunciar correctamente os sons /d/, /t/ e /ɪd/ e os sons /b/ y /v/ identificando a súa diferenza. ¿ Redactar unha recomendación para unha visita a un lugar interesante, unha tarxeta informativa sobre un animal e unha | 25 | 15 | | | X |

| UD | Título | Descrición | % Peso materia | Nº sesións | 1º trim. | 2º trim. | 3º trim. |
|----|--------------------|---|----------------|------------|----------|----------|----------|
| 6 | Discovering Nature | descrición sobre unha experiencia pasada. | 25 | 15 | | | X |
| 7 | On the Go | <p>Aprender vocabulario relacionado con accesorios de moda, o transporte, a comida e a vaixela.</p> <p>¿ Aprender a empregar a estrutura be going to e o Present Continuous con valor de futuro. Aprender a empregar o futuro con will.</p> <p>¿ Ler de maneira comprensiva e autónoma un artigo sobre viaxar co xusto, e unha páxina web sobre Macaire Everett.</p> <p>¿ Comprender a información clave dunha conversa sobre plans de fin de semana, unha conversa cun axente de viaxes e un anuncio sobre excursións gastronómicas.</p> <p>¿ De maneira oral, formular cuestións sobre plans futuros, formular opcións para unha viaxe dun día e pedir comida nun restaurante.</p> <p>¿ Pronunciar correctamente a contracción de will e os sons /i:/, /a:/ e /u:/.</p> <p>¿ Redactar unha mensaxe grupal sobre plans de fin de semana, escribir predicións sobre unha viaxe dun día e escribir un correo electrónico sobre plans de vacacións.</p> | 25 | 15 | | | X |

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

| UD | Título da UD | Duración |
|----|--------------|----------|
| 1 | Introduction | 14 |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|--|----|----|
| CA1.1 - Comprender e analizar o sentido global e a información específica e explícita de textos orais, escritos e multimodais como libros ilustrados, páxinas web, presentacións de diapositivas, breves e sinxelos sobre temas frecuentes e cotiáns, de relevancia persoal e próximos á experiencia do alumnado, propios dos ámbitos das relacións interpersoais, da aprendizaxe, dos medios de comunicación e da ficción, expresados de forma clara e na lingua estándar a través de diversos soportes. | Extraer as ideas principais dos textos propostos | PE | 63 |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|--|---|-----------|----------|
| CA1.2 - Seleccionar e aplicar de forma guiada as estratexias e coñecementos máis adecuados en situacións comunicativas cotiás para comprender o sentido xeral, a información esencial e os detalles máis relevantes dos textos; interpretar elementos non verbais e buscar información. | Aplicar estratexias de reading e listening | | |
| CA1.4 - Organizar e redactar, de forma guiada, textos breves e comprensibles, con aceptable claridade, coherencia, cohesión e adecuación á situación comunicativa proposta, seguindo pautas establecidas, a través de ferramentas analóxicas e dixitais, sobre asuntos cotiás e frecuentes, de relevancia para o alumnado e próximos á súa experiencia. | Expresar graficamente ideas xerais de xeito comprensíbel | | |
| CA1.5 - Seleccionar, organizar e aplicar de forma guiada coñecementos e estratexias para planificar, producir e revisar textos comprensibles, coherentes e adecuados ás intencións comunicativas, ás características contextuais e á tipoloxía textual, usando con axuda os recursos físicos ou dixitais máis adecuados en función da tarefa e das necesidades de cada momento. | Aplicar estratexias de writing e speaking | | |
| CA2.3 - Identificar e rexistrar, de forma guiada, os progresos e dificultades de aprendizaxe da lingua estranxeira, seleccionando, con axuda, as estratexias máis eficaces para superar esas dificultades e realizar progresos na súa aprendizaxe, facéndooos explícitos e compartíndoos, por medio de actividades de autoavaliación e coavaliación (como as propostas no Portfolio europeo das linguas [PEL] ou nun diario de aprendizaxe). | Completar tarefas de planificación, reflexión e autoavaliación da aprendizaxe | | |
| CA3.1 - Actuar de forma empática e respectuosa en situacións interculturais, construíndo vínculos entre as diferentes linguas e culturas, rexeitando calquera tipo de discriminación, prexuízo e estereotipo en contextos comunicativos cotiás. | Actuar axeitadamente ante as diferenzas con outras culturas | | |
| CA1.3 - Expresar oralmente textos breves, sinxelos, estruturados, comprensibles e adecuados á situación comunicativa sobre asuntos cotiás e frecuentes, de relevancia para o alumnado, co fin de describir e producir narracións sobre temas concretos, en diferentes soportes, utilizando de forma guiada recursos verbais e non verbais, así como estratexias básicas de planificación. | Expresar oralmente ideas xerais de xeito comprensíbel | | |
| CA1.6 - Planificar e participar en situacións interactivas breves e sinxelas sobre temas cotiás, de relevancia persoal e próximos á experiencia do alumnado, a través de diversos soportes, apoiándose en recursos tales como a repetición, o ritmo pausado ou a linguaxe non verbal, e mostrando empatía e respecto pola cortesía lingüística e a etiqueta dixital, así como polas diferentes necesidades, ideas, inquietudes, iniciativas e motivacións das interlocutoras e dos interlocutores. | Participar en situacións interactivas con achegas propias | TI | 37 |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|--|-----------|----------|
| CA1.7 - Seleccionar, organizar e utilizar, de forma guiada e en contornas próximas, estratexias adecuadas para iniciar, manter e terminar a comunicación, tomar e ceder a palabra, e solicitar e formular aclaracións e explicacións. | Aplicar estratexias comunicativas | | |
| CA1.8 - Inferir e explicar textos, conceptos e comunicacións breves e sinxelas, de forma guiada, en situacións nas que atender á diversidade, mostrando respecto e empatía polas interlocutoras e os interlocutores e polas linguas empregadas, e interese por participar na solución de problemas de intercomprensión (entre distintas linguas) e de entendemento na súa contorna próxima, apoiándose en diversos recursos e soportes. | Transmitir información entre diferentes soportes, rexistros e formatos | | |
| CA1.9 - Aplicar, de forma guiada, estratexias que axuden a crear pontes e faciliten a comprensión e produción de información e a comunicación, adecuadas ás intencións comunicativas, usando, con axuda, recursos e apoios físicos ou dixitais en función das necesidades de cada momento. | Aplicar estratexias de mediación lingüística | | |
| CA2.1 - Comparar e contrastar as semellanzas e diferenzas entre distintas linguas reflexionando de maneira progresivamente autónoma sobre aspectos esenciais do seu funcionamento. | Identificar semellanzas e diferenzas entre L1 e a lingua inglesa | | |
| CA2.2 - Utilizar e diferenciar, de forma progresivamente autónoma, os coñecementos e estratexias de mellora da súa capacidade de comunicar e de aprender a lingua estranxeira, con apoio doutros participantes e de soportes analóxicos e dixitais. | Aplicar estratexias de aprendizaxe dunha lingua estranxeira | | |
| CA3.2 - Aceptar e adecuarse á diversidade lingüística, cultural e artística propia de países onde se fala a lingua estranxeira, recoñecéndoa como fonte de enriquecemento persoal e mostrando interese por compartir elementos culturais e lingüísticos que fomenten a sustentabilidade e a democracia. | Valorar a importancia da diversidade cultural | | |
| CA3.3 - Aplicar, de forma guiada, estratexias para explicar e apreciar a diversidade lingüística, cultural e artística, atendendo a valores ecosociais e democráticos e respectando os principios de xustiza, equidade e igualdade. | Aplicar estratexias de defensa e apreciación da diversidade lingüística e cultural | | |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
|--|
| <ul style="list-style-type: none"> - Estratexias e técnicas para a adquisición de autoconfianza. O erro como instrumento de mellora e proposta de reparación. - Estratexias básicas para a planificación, execución, control e reparación da comprensión, a produción e a coprodución de textos orais, escritos e multimodais. - Coñecementos, destrezas e actitudes que permitan detectar e colaborar en actividades de mediación en situacións cotiás sinxelas. |

Contidos

- Funcións comunicativas básicas adecuadas ao ámbito e ao contexto comunicativo: saudar, despedirse, presentar e presentarse; describir persoas, obxectos e lugares; situar eventos no tempo; situar obxectos, persoas e lugares no espazo; pedir e intercambiar información sobre cuestións cotiás; dar e pedir instrucións e ordes; ofrecer, aceptar e rexeitar axuda, proposicións ou suxestións; expresar parcialmente o gusto ou o interese e emocións básicas; narrar acontecementos pasados, describir situacións presentes e enunciar sucesos futuros; expresar a opinión, a posibilidade, a capacidade, a obriga e a prohibición.
- Modelos contextuais e xéneros discursivos básicos na comprensión, produción e coprodución de textos orais, escritos e multimodais, breves e sinxelos, literarios e non literarios: características e recoñecemento do contexto (participantes e situación), expectativas xeradas polo contexto; organización e estruturación segundo o xénero e a función textual.
- Unidades lingüísticas básicas e significados asociados ás devanditas unidades tales como expresión da entidade e as súas propiedades, cantidade e calidade, o espazo e as relacións espaciais, o tempo e as relacións temporais, a afirmación, a negación, a interrogación e a exclamación, relacións lóxicas básicas.
- Léxico de uso común e de interese para o alumnado, relativo á identificación persoal, relacións interpersoais, lugares e contornas próximos, lecer e tempo libre, vida cotiá, saúde e actividade física, vivenda e fogar, clima e contorna natural, tecnoloxías da información e da comunicación.
- Patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación básicos, e significados e intencións comunicativas xerais asociados aos devanditos patróns.
- Convencións ortográficas básicas e significados e intencións comunicativas asociados aos formatos, patróns e elementos gráficos.
- Convencións e estratexias conversacionais básicas, en formato síncrono ou asíncrono, para iniciar, manter e terminar a comunicación, tomar e ceder a palabra, pedir e dar aclaracións e explicacións, reformular, comparar e contrastar, resumir, colaborar, debater etc.
- Recursos para a aprendizaxe e estratexias básicas de procura de información: dicionarios, libros de consulta, bibliotecas, recursos dixitais e informáticos etc.
- Identificación da autoría das fontes consultadas e os contidos utilizados.
- Ferramentas analóxicas e dixitais básicas para a comprensión, produción e coprodución oral, escrita e multimodal; e plataformas virtuais de interacción e colaboración educativa (aulas virtuais, videoconferencias, ferramentas dixitais colaborativas etc.) para a aprendizaxe, a comunicación e o desenvolvemento de proxectos con falantes ou estudantes da lingua estranxeira.
- Estratexias e técnicas para responder eficazmente a unha necesidade comunicativa básica e concreta de forma comprensible, a pesar das limitacións derivadas do nivel de competencia na lingua estranxeira e nas demais linguas do repertorio lingüístico propio.
- Estratexias básicas para identificar, organizar, reter, recuperar e utilizar creativamente unidades lingüísticas (léxico, morfosintaxe, patróns sonoros etc.) a partir da comparación das linguas e variedades que conforman o repertorio lingüístico persoal.
- Estratexias e ferramentas básicas de autoavaliación e coavaliación, analóxicas e dixitais, individuais e cooperativas.
- Léxico e expresións de uso común para comprender enunciados sobre a comunicación, a lingua, a aprendizaxe e as ferramentas de comunicación e aprendizaxe (metalinguaxe).
- Comparación básica entre linguas a partir de elementos da lingua estranxeira e outras linguas: orixe e parentescos.
- A lingua estranxeira como medio de comunicación interpersoal e internacional, fonte de información e como ferramenta para o enriquecemento persoal.
- Interese e iniciativa na realización de intercambios comunicativos a través de diferentes medios con falantes ou estudantes da lingua estranxeira.
- Aspectos socioculturais e sociolingüísticos básicos relativos á vida cotiá, ás condicións de vida e ás relacións interpersoais; convencións sociais básicas; linguaxe non verbal, cortesía lingüística e etiqueta dixital; cultura, costumes e valores propios de países onde se fala a lingua estranxeira.
- Estratexias básicas para entender e apreciar a diversidade lingüística, cultural e artística, atendendo a valores

| Contidos |
|--|
| <ul style="list-style-type: none"> - ecosociais e democráticos. - Estratexias básicas de detección e actuación ante usos discriminatorios da linguaxe verbal e non verbal. |

| UD | Título da UD | Duración |
|-----------|---------------------|-----------------|
| 2 | Teen Life | 15 |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|--|-----------|----------|
| CA1.1 - Comprender e analizar o sentido global e a información específica e explícita de textos orais, escritos e multimodais como libros ilustrados, páxinas web, presentacións de diapositivas, breves e sinxelos sobre temas frecuentes e cotiáns, de relevancia persoal e próximos á experiencia do alumnado, propios dos ámbitos das relacións interpersoais, da aprendizaxe, dos medios de comunicación e da ficción, expresados de forma clara e na lingua estándar a través de diversos soportes. | Extraer as ideas principais dos textos propostos | PE | 63 |
| CA1.2 - Seleccionar e aplicar de forma guiada as estratexias e coñecementos máis adecuados en situacións comunicativas cotiás para comprender o sentido xeral, a información esencial e os detalles máis relevantes dos textos; interpretar elementos non verbais e buscar información. | Aplicar estratexias de reading e listening | | |
| CA1.4 - Organizar e redactar, de forma guiada, textos breves e comprensibles, con aceptable claridade, coherencia, cohesión e adecuación á situación comunicativa proposta, seguindo pautas establecidas, a través de ferramentas analóxicas e dixitais, sobre asuntos cotiáns e frecuentes, de relevancia para o alumnado e próximos á súa experiencia. | Expresar graficamente ideas xerais de xeito comprensíbel | | |
| CA1.5 - Seleccionar, organizar e aplicar de forma guiada coñecementos e estratexias para planificar, producir e revisar textos comprensibles, coherentes e adecuados ás intencións comunicativas, ás características contextuais e á tipoloxía textual, usando con axuda os recursos físicos ou dixitais máis adecuados en función da tarefa e das necesidades de cada momento. | Aplicar estratexias de writing e speaking | | |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|----|----|
| CA2.3 - Identificar e rexistrar, de forma guiada, os progresos e dificultades de aprendizaxe da lingua estranxeira, seleccionando, con axuda, as estratexias máis eficaces para superar esas dificultades e realizar progresos na súa aprendizaxe, facéndooos explícitos e compartíndoos, por medio de actividades de autoavaliación e coavaliación (como as propostas no Portfolio europeo das linguas [PEL] ou nun diario de aprendizaxe). | Completar tarefas de planificación, reflexión e autoavaliación da aprendizaxe | | |
| CA3.1 - Actuar de forma empática e respectuosa en situacións interculturais, construíndo vínculos entre as diferentes linguas e culturas, rexeitando calquera tipo de discriminación, prexuízo e estereotipo en contextos comunicativos cotiáns. | Actuar axeitadamente ante as diferenzas con outras culturas | | |
| CA1.3 - Expresar oralmente textos breves, sinxelos, estruturados, comprensibles e adecuados á situación comunicativa sobre asuntos cotiáns e frecuentes, de relevancia para o alumnado, co fin de describir e producir narracións sobre temas concretos, en diferentes soportes, utilizando de forma guiada recursos verbais e non verbais, así como estratexias básicas de planificación. | Expresar oralmente ideas xerais de xeito comprensíbel | | |
| CA1.6 - Planificar e participar en situacións interactivas breves e sinxelas sobre temas cotiáns, de relevancia persoal e próximos á experiencia do alumnado, a través de diversos soportes, apoiándose en recursos tales como a repetición, o ritmo pausado ou a linguaxe non verbal, e mostrando empatía e respecto pola cortesía lingüística e a etiqueta dixital, así como polas diferentes necesidades, ideas, inquietudes, iniciativas e motivacións das interlocutoras e dos interlocutores. | Participar en situacións interactivas con achegas propias | | |
| CA1.7 - Seleccionar, organizar e utilizar, de forma guiada e en contornas próximas, estratexias adecuadas para iniciar, manter e terminar a comunicación, tomar e ceder a palabra, e solicitar e formular aclaracións e explicacións. | Aplicar estratexias comunicativas | TI | 37 |
| CA1.8 - Inferir e explicar textos, conceptos e comunicacións breves e sinxelas, de forma guiada, en situacións nas que atender á diversidade, mostrando respecto e empatía polas interlocutoras e os interlocutores e polas linguas empregadas, e interese por participar na solución de problemas de intercomprensión (entre distintas linguas) e de entendemento na súa contorna próxima, apoiándose en diversos recursos e soportes. | Transmitir información entre diferentes soportes, rexistros e formatos | | |
| CA1.9 - Aplicar, de forma guiada, estratexias que axuden a crear pontes e faciliten a comprensión e produción de información e a comunicación, adecuadas ás intencións comunicativas, usando, con axuda, recursos e apoios físicos ou dixitais en función das necesidades de cada momento. | Aplicar estratexias de mediación lingüística | | |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|--|-----------|----------|
| CA2.1 - Comparar e contrastar as semellanzas e diferenzas entre distintas linguas reflexionando de maneira progresivamente autónoma sobre aspectos esenciais do seu funcionamento. | Identificar semellanzas e diferenzas entre L1 e a lingua inglesa | | |
| CA2.2 - Utilizar e diferenciar, de forma progresivamente autónoma, os coñecementos e estratexias de mellora da súa capacidade de comunicar e de aprender a lingua estranxeira, con apoio doutros participantes e de soportes analóxicos e dixitais. | Aplicar estratexias de aprendizaxe dunha lingua estranxeira | | |
| CA3.2 - Aceptar e adecuarse á diversidade lingüística, cultural e artística propia de países onde se fala a lingua estranxeira, recoñecendoa como fonte de enriquecemento persoal e mostrando interese por compartir elementos culturais e lingüísticos que fomenten a sustentabilidade e a democracia. | Valorar a importancia da diversidade cultural | | |
| CA3.3 - Aplicar, de forma guiada, estratexias para explicar e apreciar a diversidade lingüística, cultural e artística, atendendo a valores ecosociais e democráticos e respectando os principios de xustiza, equidade e igualdade. | Aplicar estratexias de defensa e apreciación da diversidade lingüística e cultural | | |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
|--|
| <ul style="list-style-type: none"> - Estratexias e técnicas para a adquisición de autoconfianza. O erro como instrumento de mellora e proposta de reparación. - Estratexias básicas para a planificación, execución, control e reparación da comprensión, a produción e a coprodución de textos orais, escritos e multimodais. - Coñecementos, destrezas e actitudes que permitan detectar e colaborar en actividades de mediación en situacións cotiás sinxelas. - Funcións comunicativas básicas adecuadas ao ámbito e ao contexto comunicativo: saudar, despedirse, presentar e presentarse; describir persoas, obxectos e lugares; situar eventos no tempo; situar obxectos, persoas e lugares no espazo; pedir e intercambiar información sobre cuestións cotiás; dar e pedir instrucións e ordes; ofrecer, aceptar e rexeitar axuda, proposicións ou suxestións; expresar parcialmente o gusto ou o interese e emocións básicas; narrar acontecementos pasados, describir situacións presentes e enunciar sucesos futuros; expresar a opinión, a posibilidade, a capacidade, a obriga e a prohibición. - Modelos contextuais e xéneros discursivos básicos na comprensión, produción e coprodución de textos orais, escritos e multimodais, breves e sinxelos, literarios e non literarios: características e recoñecemento do contexto (participantes e situación), expectativas xeradas polo contexto; organización e estruturación segundo o xénero e a función textual. - Unidades lingüísticas básicas e significados asociados ás devanditas unidades tales como expresión da entidade e as súas propiedades, cantidade e calidade, o espazo e as relacións espaciais, o tempo e as relacións temporais, a afirmación, a negación, a interrogación e a exclamación, relacións lóxicas básicas. - Léxico de uso común e de interese para o alumnado, relativo á identificación persoal, relacións interpersoais, lugares e contornas próximos, lecer e tempo libre, vida cotiá, saúde e actividade física, vivenda e fogar, clima e contorna natural, tecnoloxías da información e da comunicación. - Patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación básicos, e significados e intencións comunicativas xerais asociados aos devanditos patróns. - Convencións ortográficas básicas e significados e intencións comunicativas asociados aos formatos, patróns e elementos gráficos. |

Contidos

- Convencións e estratexias conversacionais básicas, en formato síncrono ou asíncrono, para iniciar, manter e terminar a comunicación, tomar e ceder a palabra, pedir e dar aclaracións e explicacións, reformular, comparar e contrastar, resumir, colaborar, debater etc.
- Recursos para a aprendizaxe e estratexias básicas de procura de información: dicionarios, libros de consulta, bibliotecas, recursos dixitais e informáticos etc.
- Identificación da autoría das fontes consultadas e os contidos utilizados.
- Ferramentas analóxicas e dixitais básicas para a comprensión, produción e coprodución oral, escrita e multimodal; e plataformas virtuais de interacción e colaboración educativa (aulas virtuais, videoconferencias, ferramentas dixitais colaborativas etc.) para a aprendizaxe, a comunicación e o desenvolvemento de proxectos con falantes ou estudantes da lingua estranxeira.
- Estratexias e técnicas para responder eficazmente a unha necesidade comunicativa básica e concreta de forma comprensible, a pesar das limitacións derivadas do nivel de competencia na lingua estranxeira e nas demais linguas do repertorio lingüístico propio.
- Estratexias básicas para identificar, organizar, reter, recuperar e utilizar creativamente unidades lingüísticas (léxico, morfosintaxe, patróns sonoros etc.) a partir da comparación das linguas e variedades que conforman o repertorio lingüístico persoal.
- Estratexias e ferramentas básicas de autoavaliación e coavaliación, analóxicas e dixitais, individuais e cooperativas.
- Léxico e expresións de uso común para comprender enunciados sobre a comunicación, a lingua, a aprendizaxe e as ferramentas de comunicación e aprendizaxe (metalinguaxe).
- Comparación básica entre linguas a partir de elementos da lingua estranxeira e outras linguas: orixe e parentescos.
- A lingua estranxeira como medio de comunicación interpersoal e internacional, fonte de información e como ferramenta para o enriquecemento persoal.
- Interese e iniciativa na realización de intercambios comunicativos a través de diferentes medios con falantes ou estudantes da lingua estranxeira.
- Aspectos socioculturais e sociolingüísticos básicos relativos á vida cotiá, ás condicións de vida e ás relacións interpersoais; convencións sociais básicas; linguaxe non verbal, cortesía lingüística e etiqueta dixital; cultura, costumes e valores propios de países onde se fala a lingua estranxeira.
- Estratexias básicas para entender e apreciar a diversidade lingüística, cultural e artística, atendendo a valores ecosociais e democráticos.
- Estratexias básicas de detección e actuación ante usos discriminatorios da linguaxe verbal e non verbal.

| UD | Título da UD | Duración |
|----|----------------------|----------|
| 3 | That's Entertainment | 16 |

| Craterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|-------------------------|------------------------|----|---|
|-------------------------|------------------------|----|---|

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|----|----|
| CA1.1 - Comprender e analizar o sentido global e a información específica e explícita de textos orais, escritos e multimodais como libros ilustrados, páxinas web, presentacións de diapositivas, breves e sinxelos sobre temas frecuentes e cotiáns, de relevancia persoal e próximos á experiencia do alumnado, propios dos ámbitos das relacións interpersoais, da aprendizaxe, dos medios de comunicación e da ficción, expresados de forma clara e na lingua estándar a través de diversos soportes. | Extraer as ideas principais dos textos propostos | | |
| CA1.2 - Seleccionar e aplicar de forma guiada as estratexias e coñecementos máis adecuados en situacións comunicativas cotiáns para comprender o sentido xeral, a información esencial e os detalles máis relevantes dos textos; interpretar elementos non verbais e buscar información. | Aplicar estratexias de reading e listening | | |
|---|--|-----------|----------|
| CA3.2 - Aceptar e adecuarse á diversidade lingüística, cultural e artística propia de países onde se fala a lingua estranxeira, recoñecéndoa como fonte de enriquecemento persoal e mostrando interese por compartir elementos culturais e lingüísticos que fomenten a sustentabilidade e a democracia. | Valorar a importancia da diversidade cultural | | |
| CA3.3 - Aplicar, de forma guiada, estratexias para explicar e apreciar a diversidade lingüística, cultural e artística, atendendo a valores ecosociais e democráticos e respectando os principios de xustiza, equidade e igualdade. | Aplicar estratexias de defensa e apreciación da diversidade lingüística e cultural | | |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
|---|
| <ul style="list-style-type: none"> - Estratexias e técnicas para a adquisición de autoconfianza. O erro como instrumento de mellora e proposta de reparación. - Estratexias básicas para a planificación, execución, control e reparación da comprensión, a produción e a coprodución de textos orais, escritos e multimodais. - Coñecementos, destrezas e actitudes que permitan detectar e colaborar en actividades de mediación en situacións cotiás sinxelas. - Funcións comunicativas básicas adecuadas ao ámbito e ao contexto comunicativo: saudar, despedirse, presentar e presentarse; describir persoas, obxectos e lugares; situar eventos no tempo; situar obxectos, persoas e lugares no espazo; pedir e intercambiar información sobre cuestións cotiás; dar e pedir instrucións e ordes; ofrecer, aceptar e rexeitar axuda, proposicións ou suxestións; expresar parcialmente o gusto ou o interese e emocións básicas; narrar acontecementos pasados, describir situacións presentes e enunciado sucesos futuros; expresar a opinión, a posibilidade, a capacidade, a obriga e a prohibición. - Modelos contextuais e xéneros discursivos básicos na comprensión, produción e coprodución de textos orais, escritos e multimodais, breves e sinxelos, literarios e non literarios: características e recoñecemento do contexto (participantes e situación), expectativas xeradas polo contexto; organización e estruturación segundo o xénero e a función textual. - Unidades lingüísticas básicas e significados asociados ás devanditas unidades tales como expresión da entidade e as súas propiedades, cantidade e calidade, o espazo e as relacións espaciais, o tempo e as relacións temporais, a afirmación, a negación, a interrogación e a exclamación, relacións lóxicas básicas. - Léxico de uso común e de interese para o alumnado, relativo á identificación persoal, relacións interpersoais, lugares e contornas próximas, lecer e tempo libre, vida cotiá, saúde e actividade física, vivenda e fogar, clima e contorna natural, tecnoloxías da información e da comunicación. - Patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación básicos, e significados e intencións comunicativas xerais asociados aos devanditos patróns. - Convencións ortográficas básicas e significados e intencións comunicativas asociados aos formatos, patróns e elementos gráficos. - Convencións e estratexias conversacionais básicas, en formato síncrono ou asíncrono, para iniciar, manter e terminar a comunicación, tomar e ceder a palabra, pedir e dar aclaracións e explicacións, reformular, comparar e contrastar, resumir, colaborar, debater etc. - Recursos para a aprendizaxe e estratexias básicas de procura de información: dicionarios, libros de consulta, bibliotecas, recursos dixitais e informáticos etc. - Identificación da autoría das fontes consultadas e os contidos utilizados. - Ferramentas analóxicas e dixitais básicas para a comprensión, produción e coprodución oral, escrita e multimodal; e plataformas virtuais de interacción e colaboración educativa (aulas virtuais, videoconferencias, ferramentas dixitais colaborativas etc.) para a aprendizaxe, a comunicación e o desenvolvemento de proxectos con falantes ou |

Contidos

- estudantes da lingua estranxeira.
- Estratexias e técnicas para responder eficazmente a unha necesidade comunicativa básica e concreta de forma comprensible, a pesar das limitacións derivadas do nivel de competencia na lingua estranxeira e nas demais linguas do repertorio lingüístico propio.
- Estratexias básicas para identificar, organizar, reter, recuperar e utilizar creativamente unidades lingüísticas (léxico, morfosintaxe, patróns sonoros etc.) a partir da comparación das linguas e variedades que conforman o repertorio lingüístico persoal.
- Estratexias e ferramentas básicas de autoavaliación e coavaliación, analóxicas e dixitais, individuais e cooperativas.
- Léxico e expresións de uso común para comprender enunciados sobre a comunicación, a lingua, a aprendizaxe e as ferramentas de comunicación e aprendizaxe (metalinguaxe).
- Comparación básica entre linguas a partir de elementos da lingua estranxeira e outras linguas: orixe e parentescos.
- A lingua estranxeira como medio de comunicación interpersoal e internacional, fonte de información e como ferramenta para o enriquecemento persoal.
- Interese e iniciativa na realización de intercambios comunicativos a través de diferentes medios con falantes ou estudantes da lingua estranxeira.
- Aspectos socioculturais e sociolingüísticos básicos relativos á vida cotiá, ás condicións de vida e ás relacións interpersoais; convencións sociais básicas; linguaxe non verbal, cortesía lingüística e etiqueta dixital; cultura, costumes e valores propios de países onde se fala a lingua estranxeira.
- Estratexias básicas para entender e apreciar a diversidade lingüística, cultural e artística, atendendo a valores ecosociais e democráticos.
- Estratexias básicas de detección e actuación ante usos discriminatorios da linguaxe verbal e non verbal.

4.1. Concrecións metodolóxicas

Tal como se establece no enfoque metodolóxico adoptado polo Marco Común Europeo de Referencia para as Linguas, a metodoloxía estará baseada na acción, na actividade social, no uso da lingua. Neste enfoque, os contidos introduciranse en función das necesidades do proceso da aprendizaxe da lingua como instrumento de comunicación.

O factor decisivo na realización da aprendizaxe escolar é a actividade constructiva do alumno. O alumno é quen modifica e reelabora os seus esquemas de coñecemento construindo a súa propia aprendizaxe. Neste proceso, o profesor actúa como guía e mediador para facilitar a construción de aprendizaxes significativas. O profesor proporcionará oportunidades para poñer en práctica os novos coñecementos a fin de que o alumno comprobe o interese e a utilidade do aprendido e así consolidar aprendizaxes que trascenden o contexto onde se produciron.

O punto de partida da aprendizaxe dos alumnos son os seus primeiros coñecementos previos; centrándonos naquilo que resulta familiar e próximo ao alumnado pero cunha vertente de fantasía para lograr o equilibrio entre a seguridade/benestar co interese/imaxinación. O alumno pode transferir conceptos e estratexias adquiridas para construír así significados e atribuír sentido ao que aprende (partindo do que coñece e formulando hipóteses para elaborar regras que axudan a interiorizar o novo sistema). Favorécese así o seu crecemento persoal, o seu desenvolvemento e a súa socialización.

A aprendizaxe a nivel de competencias persegue o desenvolvemento do potencial de cada alumno, das súas capacidades, preparar o alumnado para que poida afrontar os retos persoais ó longo da súa vida con éxito. Os alumnos non só terán que adquirir uns coñecementos, senón que deberán ser capaces de acceder a eles e aplicalos nos diferentes contextos da súa vida e contextualizalos. A aprendizaxe por competencias ten o propósito de cubrir tódolos aspectos da vida, facendo que os alumnos non só sexan capaces de aprender, senón, entre outros, de aprender a aprender, aprender a convivir, aprender a facer. Cada unha das unidades proporciona diferentes actividades que contribúen ó desenvolvemento das competencias clave.

As situacións comunicativas que inclúen o humor e o xogo captan a motivación do alumnado e facilitan a aprendizaxe; por iso é importante ter en conta a importancia das cancións e historias, as características dos personaxes, as ilustracións e mesmo os efectos sonoros das gravacións.

Os nenos aprenden de distintas formas e a ritmos diferentes; por iso debemos traballar con flexibilidade de modo que

tódolos integrantes do grupo poidan participar e atopen actividades nas que poden aplicar coñecementos e aptitudes, facilitando o desenvolvemento da propia conciencia de logros, e do progreso que logran día a día. Sempre debe existir un apoio para aqueles nenos e nenas que o requiran, tendo sempre en conta aqueles casos nos que o progreso non responda ós obxectivos que se programaron, así como os casos nos que algúns destaquen na consecución de obxectivos e que, ante a falta de actividade programada, perdan a motivación e o interese pola lingua estranxeira. Para emendar estas posibles situacións inclúense actividades tanto de ampliación, para os máis avanzados, como de reforzo, para os que poidan estancarse nalgún momento.

Consideramos o progreso pero tamén o erro como algo natural no proceso de aprendizaxe. O erro acontece como unha evidencia do dinamismo subxacente da comprensión e do dominio progresivo do novo sistema comunicativo. Os erros prodúcense cando o neno/a anticipa como vai funcionar a lingua ou cando transfere regras da súa lingua materna nun proceso natural de adquisición. Pero é importante facer unha distinción entre erro e equivocación. Considérase erro o fallo sistemático debido a un mal ou escaso coñecemento da lingua. Estes erros corríxense ó finalizar as interaccións orais, de forma grupal e cunha linguaxe accesible e sempre tendo en conta que non desaparecen repentinamente, senón que requiren o seu tempo. A equivocación é un fallo ocasional debido a unha falta de atención nun momento determinado, que o mesmo lle pode acontecer a un falante nativo. Non paga a pena corrir as equivocacións porque non son relevantes do proceso de ensino-aprendizaxe.

A aprendizaxe globalizada xera o desenvolvemento da realidade como un todo nos alumnos. Temos en conta esta situación ó ofrecer actividades interrelacionadas coas outras áreas curriculares, empezando polo coñecemento do neno mesmo e a continuación coa exploración do mundo que os rodea; a súa casa, o seu colexio, o seu medio e a súa sociedade en xeral. Este desenvolvemento reflíctese nos temas de cada unidade, que se relacionan coas demais áreas do Currículo: Ciencias da Natureza, Ciencias Sociais, Educación Artística, Matemáticas, Educación Física, etc.

Unha aprendizaxe permanente: non hai saberes que se adquiran exclusivamente nunha determinada materia e só serven para ela (sobre todo nesta e para esta). Con todo o que o alumno aprende nas diferentes materias (e non só na institución escolar) constrúe unha bagaxe cultural e de información que debe servirle para o conxunto da súa vida, que debe ser capaz de utilizar en momentos precisos e en situacións distintas (a linguaxe é, a estes efectos, paradigmática). Por iso, as competencias clave poden alcanzarse se non en todas, si na maioría das materias curriculares, e tamén por iso en todas estas materias poderá utilizar e aplicar as devanditas competencias, independentemente de en cales as puidese adquirir (transversalidade). Ser competente debe ser garantía de ter alcanzado determinadas aprendizaxes, pero tamén permitirá alcanzar outras, tanto na propia institución escolar como fóra dela, garantía da súa aprendizaxe permanente (ou, neste caso, capaz de comunicarse en situacións moi diversas, algunhas das cais o propio alumno nin sequera pode considerar aínda que terá que facelo).

Como consecuencia, a aprendizaxe das distintas linguas debe tratarse de xeito integrado, co fin de favorecer que todos os coñecementos e as experiencias lingüísticas do alumnado contribúan ao desenvolvemento da súa competencia comunicativa.

Todo proceso de ensino-aprendizaxe debe partir dunha planificación rigorosa do que se pretende conseguir, tendo claro cales son os obxectivos ou metas, que recursos son necesarios, que métodos didácticos son os máis adecuados e como se avalía a aprendizaxe e se retroalimenta o proceso.

Os métodos didácticos han de elixirse en función do que se sabe que é óptimo para alcanzar as metas propostas e en función dos condicionantes nos que ten lugar o ensino.

Un dos elementos clave no ensino por competencias é espertar e manter a motivación cara á aprendizaxe no alumnado, o que implica unha nova formulación do papel do alumno, activo e autónomo, consciente de ser o responsable da súa aprendizaxe.

Para potenciar a motivación pola aprendizaxe de competencias requírense, ademais, metodoloxías activas e contextualizadas. Aquelas que faciliten a participación e implicación do alumnado e a adquisición e uso de coñecementos en situacións reais, serán as que xeren aprendizaxes máis transferibles e duradeiras.

As metodoloxías activas han de apoiarse en estruturas de aprendizaxe cooperativa, de forma que, a través da resolución conxunta das tarefas, os membros do grupo coñezan as estratexias utilizadas polos seus compañeiros e poidan aplicarlas a situacións similares.

Para un proceso de ensino-aprendizaxe competencial as estratexias interactivas son as máis adecuadas, ao permitir compartir e construír o coñecemento e dinamizar a sesión de clase mediante o intercambio verbal e colectivo de ideas.

O traballo por tarefas axuda ao alumnado para organizar o seu pensamento favorecendo neles a reflexión, a crítica, a elaboración de hipótese e a tarefa investigadora a través dun proceso no que cada un asume a responsabilidade da súa aprendizaxe, aplicando os seus coñecementos e habilidades a proxectos reais.

O profesorado debe implicarse na elaboración e deseño de diferentes tipos de materiais, adaptados aos distintos niveis e aos diferentes estilos e ritmos de aprendizaxe dos alumnos e alumnas, co obxecto de atender á diversidade na aula, considerando especialmente a integración das Tecnoloxías da Información e a Comunicación no proceso de ensino-aprendizaxe que permiten o acceso a recursos virtuais.

A actitude do alumno/a ante a aprendizaxe da lingua estranxeira é esencial para que recoñeza e aprecie o valor

comunicativo da mesma e a súa propia capacidade de aprender. A reflexión sobre a lingua e a súa aprendizaxe inclúen a consideración da finalidade que para cada estudante ten, base fundamental para que recoñeza a súa capacidade persoal de aprender e progresar, e para que adopte as destrezas de estudo necesarias que poderá utilizar ao longo da súa vida.

Para o desenvolvemento do proceso de autoavaliación, é de grande utilidade o material que, baseado nos principios do Portfolio Europeo das Linguas para Secundaria, desenvolveu a editorial e que anima a reflexionar sobre o propio proceso de aprendizaxe. Este material ofrece a posibilidade de volver sobre cada un dos apartados de cada unidade e, de modo reflexivo, plasmar o seu grao de consecución en cada un deles. Poden tamén tomar decisións sobre o que deben facer para mellorar naquelas destrezas onde a aprendizaxe estea a ser máis deficitaria.

Por suposto, o alumnado debe ser consciente da importancia que ten o inglés nas relacións internacionais, unha realidade que eles verán patente no panorama social e laboral actual e a cuxa comprensión contribuímos desde a nosa área.

A utilización sistemática de estratexias de autonomía é a finalidade a longo prazo que se busca na aprendizaxe de calquera materia educativa. Con todo, cada materia require o seu proceso e uns procedementos propios, que irán desde os máis básicos até os máis complexos.

As estratexias son elementos cruciais para a aprendizaxe e é necesario utilizalas constantemente até chegar á súa total automatización, sen necesidade de reflexión. Por iso, primeiro identificamos as necesidades da aprendizaxe e despois, en consonancia con elas, seleccionamos as actividades, os materiais e os modos de traballo apropiados para alcanzar o obxectivo específico que nos propoñemos.

As estratexias de aprendizaxe tamén van encamiñadas a mellorar o desenvolvemento dos procesos mentais necesarios para realizar as actividades. Estas son as que desenvolvemos en cada destreza comunicativa (bloque - COMUNICACIÓN):

Reading (comprensión escrita): predición do contido do texto a partir do título, subtítulo e ilustracións; lectura da primeira oración de cada parágrafo para atopar a idea central; identificación da finalidade do texto (informar, entreter, etc.); procura de información específica (scanning); identificación das palabras clave nun texto; inferencia de significados non explícitos (ler entre liñas); dedución do significado das palabras polo contexto.

Listening (comprensión oral): comprensión de enunciados; anticipación de contidos; atención selectiva; identificación de información específica; inferencia de significados; toma de notas; seguimento de instrucións; identificación do tema principal; secuenciación de información; recoñecemento da pronuncia; distinción de diferentes matices de significado segundo o ritmo e a entoación; audición comprensiva de mensaxes emitidas por falantes con distintos acentos, etc.

Speaking (producción oral): estratexias de elaboración que facilitan a interacción na aula, tales como organizar as ideas antes de falar e basear a exposición oral nun guión que dea mostras de claridade e estrutura lóxica; estratexias de compensación, clarificación e comprobación; estratexias para a práctica como a repetición, a imitación, a aplicación de regras, etc.; estratexias de autocorrección como a identificación de problemas e a súa solución, buscando sempre mellorar a pronuncia, o ritmo e a entoación nas producións orais.

Writing (expresión escrita): á marxe das estratexias comentadas no apartado anterior, inclúense tamén as de transferencia, elaboración e autocorrección; o desenvolvemento da imaxinación e a creatividade, e a procura da información en diversas fontes. O alumno/a deberá atender tanto ao proceso de escritura coma ao produto, tendo en conta as características propias do tipo de texto, utilizando o rexistro idóneo, os marcadores do discurso e os signos de puntuación adecuados, ordenando frases e parágrafos en textos coherentes mediante o uso de adxectivos, adverbios, expresións temporais, conxuncións e conectores, e respectando á vez a estrutura dos mesmos.

Por outra banda, o coñecemento da lingua e consciencia intercultural, incorpora unha referencia expresa ao plurilingüismo e á interculturalidade. Estes dous conceptos fan referencia, por un lado, ao feito de que a competencia en cada lingua interactúa e se enriquece co coñecemento das outras linguas e contribúe a desenvolver destrezas e capacidades que son a base da competencia en comunicación lingüística e, por outro, ás actitudes interculturais de respecto a diferentes xeitos de expresarse e actuar. Segundo isto, fomentárase, por un lado, a reflexión sobre a lingua e a comparación entre linguas, favorecendo a transferencia dos coñecementos e experiencias lingüísticas adquiridos noutras linguas para abordar a aprendizaxe do inglés e viceversa. Por outro lado, dado que cada lingua expresa e representa unha cultura, buscaranse similitudes e diferencias entre a cultura propia e a estranxeira. Este diálogo cultural reforza a identidade propia, favorece a aceptación da diversidade e o respecto polos demais e os seus dereitos.

4.2. Materiais e recursos didácticos

| Denominación |
|--|
| Options 1 - Student's Book e Workbook (Burlington Books) |
| Versións dixitais dos libros anteriores |
| Digital Options |
| Materiais impresos e dixitais de Options 1 - All-in-One-Pack |

OUTROS RECURSOS DIDÁCTICOS

O centro dispón de pizarra/canón dixital e un ordenador en todas as aulas. Todo este equipamento informático permítenos o acceso a moitos outros recursos:

- Todas as aulas contan co libro de texto en versión dixital, que inclúe vídeos, audios, presentacións de gramática, xogos... O alumnado disporá do seu libro de texto en soporte físico e dixital, para poder traballar desde casa, de ser necesario.

- Utilización da Aula Virtual como soporte de material (tanto para a entrega de tarefas, o material de clase, de ampliación e de reforzo)

- Utilizarase material audiovisual e textos da rede, non so (ou non necesariamente) o libro de texto, ben de páxinas web de divulgación ou ben de páxinas de recursos para a aula de inglés, como por exemplo:

<http://onestopenglish.org>

<http://englishbanana.org>

<http://linghuahouse.com>

<http://moviesegmentstoassessgrammarggoals.blogspot.com.es/>

<http://film-english.com>

<https://www.wordreference.com>

<https://www.youtube.com/user/realenglish1/videos>

<https://burlingtonbooks.com>

- Utilizarase tamén material elaborado polos profesores: fichas de traballo, teoría gramatical, guías de writing, presentacións power point, drive, kahoot, webquests...

- Os alumnos visitarán páxinas web interactivas para practicar gramática ou as destrezas, e desenvolver a súa autonomía, como por exemplo:

<http://www.englishpage.com/>

<http://agendaweb.org>

<http://learnenglish.britishcouncil.org/>

<http://bbc.co.uk>

<http://esl.lab.com>

<http://manythings.org>

- O departamento de inglés conta con outro material multimedia: películas, música, CDs con actividades de listening, libros dixitais ...

- Dicionarios bilingües e monolingües, así como dicionarios online (<http://www.wordreference.com/>, <http://www.linguee.es/>)

- A/O profesor/a tamén utilizará todo tipo de realia, é dicir, de obxectos reais tales como billetes de tren ou autobús, cartas de restaurantes, moedas inglesas de curso legal, folletos turísticos, etc. como axuda para dar máis realismo ás situacións comunicativas recreadas na aula.

- O seminario conta con xogos que serven para practicar distintos contidos e flashcards para a presentación e revisión de vocabulario.

- Readers (libros de lectura) de todos os niveis dos que todos os alumnos poden facer uso a través do servizo de préstamo da biblioteca. Aparte dos libros de lectura obrigatoria, os alumnos len voluntariamente e fan traballos creativos sobre a súa lectura.

AUXILIAR DE CONVERSA

No presente curso académico contaremos cun auxiliar de conversa nos diferentes cursos da ESO (1º incluído) para que os alumnos/as poidan aproveitar un entorno de aprendizaxe inmersivo cun falante nativo ó mesmo tempo que traballan na súa conciencia intercultural e de tolerancia e respecto cara outras linguas, culturas e costumes.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Ao inicio do curso académico, o profesor avaliará ao alumno en canto aos seus coñecementos lingüísticos previos, a súa actitude e os seus intereses, o seu estilo de aprendizaxe (as súas estratexias, o tempo que necesita para cada tarefa, a súa organización, a súa autonomía, etc.), o seu xeito de relacionarse, as súas necesidades, é dicir, todas as súas características persoais para determinar como será a intervención pedagóxica.

Esta avaliación inicial levarase a cabo utilizando distintos instrumentos:

- Observación na clase, especialmente da produción e comprensión oral (listening e speaking)
- Proba de diagnóstico para avaliar os coñecementos previos. Esta proba constará das destrezas habituais que se avaliarán nas probas do resto do curso.

Segundo o resultado das probas tomaranse medidas de Adaptación Curricular, reforzo, revisión ou ampliación a nivel individual e medidas de revisión ou de adaptación da programación a nivel colectivo.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

| Unidade didáctica | UD 1 | UD 2 | UD 3 | UD 4 | UD 5 | UD 6 | UD 7 | Total |
|-----------------------|------|------|------|------|------|------|------|-------|
| Peso UD/ Tipo Ins. | 6 | 7 | 7 | 15 | 15 | 25 | 25 | 100 |
| Proba escrita | 63 | 63 | 63 | 63 | 63 | 63 | 63 | 63 |
| Táboa de indicadores | 37 | 37 | 37 | 37 | 37 | 37 | 37 | 37 |

Criterios de cualificación:

A avaliación será:

- Continua, xa que, cando o progreso dun alumno ou alumna non sexa o adecuado, estableceranse medidas de reforzo educativo. Estas medidas adoptaranse en calquera momento do curso, tan axiña como se detecten as dificultades, e estarán dirixidas a garantir a adquisición das competencias imprescindíbeis para continuar o proceso educativo.
- Formativa, polo que será un instrumento para a mellora tanto dos procesos de ensino como dos procesos de aprendizaxe.
- Acumulativa, xa que os contidos nunca se deixan atrás a medida que avanza o curso senón que se van acumulando e tanto o visto anteriormente como o novo vanse mesturando e son necesarios para un correcto desenvolvemento do proceso de ensinanza-aprendizaxe. Isto coñécese en inglés como "scaffolding learning" (en galego "andamiaxe").

A cualificación trimestral conformarase coa seguinte ponderación:

OBXECTIVO 1: Comprensión oral e escrita (CA1.1 + CA 1.2): 40%

OBXECTIVO 2: Produción oral e escrita (CA1.3 + CA1.4 + CA1.5): 30%

OBXECTIVO 3: Interacción (CA1.6 + CA1.7): 5%

OBXECTIVO 4: Mediación (CA1.8 + CA1.9): 5%

OBXECTIVO 5: Plurilingüismo (CA2.1 + CA2.2 + CA2.3): 10%

OBXECTIVO 6: Interculturalidade (CA3.1 + CA3.2 + CA3.3): 10%

Todos os alumnos deberán amosar interese pola materia de inglés durante todo o curso, sendo motivo de avaliación negativa os seguintes casos:

- se se considera que o alumno abandona a materia, é dicir, deixa de colaborar na clase, de realizar as tarefas encomendadas polo profesor, de traballar unha destreza, de realizar os exames cun mínimo de competencia (non pode deixar o exame nin ningunha das partes que constitúen a materia "en branco") e/ou amosa unha actitude e comportamento negativo.

- Se o alumno/a non acude co material axeitado á aula (libros de texto ou calquer outro tipo de material proporcionado polo docente). Considérase abandono con 3 ou máis chamadas negativas ó respecto.

- Se non se presenta aos exames sen unha "xustificación documentada", xa sexan os exames ordinarios realizados durante o curso como os extraordinarios e ós exames para os alumnos coa materia pendente.

- Se o alumno non acada un mínimo de tres puntos sobre dez en cada un dos elementos avaliados. (30% realizado satisfactoriamente)

- Se copia durante os exames. Neste caso deberá realizar unha proba final en xuño para poder optar a unha cualificación positiva.

O resultado da avaliación de lingua inglesa reflectirá o proceso da avaliación continua levado a cabo durante todo o trimestre ou curso e segundo os criterios expostos nesta programación. Que a avaliación sexa continua implica que non haberá probas específicas de recuperación ó longo dos trimestres senón unha última proba global en xuño, posto que en cada avaliación se terán en conta os contidos vistos ata ese momento. A avaliación continua tamén implica que todo o que o profesor propón como actividade dentro e fora da aula será obxecto de avaliación, non limitándose esta a un exame tradicional.

A nota final incluírá polo tanto un compoñente de progreso, factor especialmente motivador. Se un alumno/a que ten un nivel baixo ve como progresa e que o seu esforzo é tido en conta sentirase máis motivado. Isto faise aínda máis patente nas clases moi heteroxéneas.

CUALIFICACIÓN FINAL EN XUÑO:

Obterase aplicando as seguintes porcentaxes a cada avaliación:

1ª avaliación: 20% 2ª avaliación: 30% 3ª avaliación: 50%

Non necesariamente un alumno que acade un 5 na 3ª avaliación superará a materia se o previo cálculo lle dá unha nota inferior a 5. Ademais, é necesario clarificar que a 3ª e a avaliación final son diferentes. A 3ª avaliación leva unha nota (aínda que non se vexa reflexada no boletín) e co cálculo especificado anteriormente acadarase a nota final.

A cualificación final obterase calculando a media ponderada dos tres trimestres. A avaliación será positiva cunha cualificación igual ou superior a 5.

As cualificacións de final de trimestre ou final de curso redondearanse a partir de 0,5. O redondeo da cualificación final de cada avaliación e de final de curso obterase por aproximación. Este redondeo sempre estará supeditado a que o progreso do alumnado sexa o adecuado. Se se teñen chamadas negativas por falta de tarefas, materiais, ou se detecta un abandono nas actividades diarias ou exames da materia, o redondeo farase por truncamento, é dicir, eliminando os decimais e quedándonos so co número enteiro.

Concretamente, hai un 10% asignado ó B2 (OBX. 5) que o alumnado pode restar da nota final, perdendo -0,1 cada vez que teñan unha chamada negativa (falta de tarefas, falta de material, non realización de actividades na aula, etc.). O máximo que se podería perder neste caso é 1 punto (o 10% mencionado).

Criterios de recuperación:

Que a avaliación sexa continua implica que non haberá probas específicas de recuperación ó longo dos trimestres senón unha última proba global en xuño, posto que en cada avaliación se terán en conta os contidos vistos ata ese momento. Está previsto un exame global para o alumnado que non acade cualificación positiva na convocatoria de final de curso. En dita proba será necesario obter unha nota mínima de 5 para superar a avaliación e nunca se poderá acadar máis dun 5 na nota final. A nota resultante dependerá da superación do exame e, de ser o caso, das posibles tarefas encomendadas ao alumno para ser realizadas e que deberá presentar na data acordada co seu profesor.

Esta proba será similar ás que realizou o alumno durante o curso: constará dun exercicio de lectura e comprensión para extraer información xeral e específica, unha proba de escoita, unha redacción curta e varios exercicios e actividades que recollan a gramática, funcións e vocabulario establecidos no currículo, e que impliquen a utilización das destrezas e estratexias desenvolvidas durante o curso.

COMPRESIÓN ORAL E ESCRITA (CA1.1 + CA 1.2 + CA 1.3): 80%

Instrumentos de avaliación: Cuestionarios de opción múltiple, preguntas de verdadeiro/falso, preguntas de completar, preguntas de relacionar de resposta curta.

PRODUCCIÓN ESCRITA (CA1.5 + CA1.6): 20%

Instrumentos de avaliación: Rúbricas/guía de corrección.

Os contidos mínimos revisaranse no último trimestre no caso de que a materia prevista non poida ser impartida na súa totalidade.

5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes

Este apartado non procede xa que os alumnos que se incorporan en 1º ESO fano sen materias pendentes da súa ensinanza Primaria.

6. Medidas de atención á diversidade

Como punto de partida, tivéronse en conta catro ámbitos de diversidade:

- A capacidade para aprender a aprender

Cada alumno/a ten a súa propia capacidade para aprender cousas e retelas sen que isto sexa sinónimo da súa capacidade intelectual, e todos son capaces de acadar un nivel mínimo independentemente do ritmo de traballo que poida ter cada un. Tales son os aspectos que consideramos na investigación inicial e en todo o desenvolvemento do curso.

Así o reflicten as actividades do Student's Book e do Workbook, pois, a través dunha reciclaxe continua de estruturas e vocabulario, ofrecen, por unha banda, amplas oportunidades de reforzo aos alumnos/as con menos capacidade e, por outra, facilitan a ampliación de materia aos que teñen máis nivel.

- A motivación para aprender

A motivación do alumno/a para aprender é moi complexa, sobre todo tratándose dun idioma, pois depende de varios factores: por unha banda, do historial de éxito ou de fracaso que tivera até ese momento e, por outra, do proceso de aprendizaxe que seguira. Isto influirá notabelmente tanto no nivel de motivacións individuais como na forma máis lóxica e funcional de presentarlles todos os contidos.

- Os estilos de aprendizaxe

Existen toda clase de estudos sobre os diversos estilos de aprendizaxe á hora de estudar un idioma.

Como é ben sabido, os alumnos/as poden ser impulsivos ou reflexivos cando se enfrontan ás súas tarefas escolares. Uns poden reaccionar moi rapidamente e, porén, necesitar varios intentos para asimilar unha idea, mentres que outros poden traballar concienzudamente e aprender máis amodo, obtendo o mesmo resultado. Este factor tívose en conta sistematicamente. Por exemplo, á hora de ensinar as estruturas gramaticais, o Student's Book inclúe breves explicacións e exemplos coa estrutura gramatical concreta, seguidos de exercicios, para pór en práctica a gramática aprendida. Isto complementase con táboas gramaticais na sección Grammar Lab (ao final do Student's Book) e no apéndice gramatical do Workbook, que lles axudan a aprender e repasar o presentado paso a paso, en especial a aqueles que non usen tanto o estilo sintético ao aprender. Así pois, á hora de presentar as estruturas e as funcións, en todas as unidades tivéronse en conta os distintos modos de aprendizaxe.

Tamén se prestou unha atención especial á "modalidade sensorial preferente" dos alumnos/as (visual, auditiva ou quinesiolóxica), isto é, ás posibles maneiras de levar á práctica o aprendido.

- Os intereses dos alumnos/as

O esforzo en aprender un idioma varía moito duns alumnos/as a outros, dependendo do seu interese e/ou necesidade de facelo. Por iso, inclúense unha gran variedade de temas, intentando que sexan de interese para a maioría, e ofrécese materiais para atender aos distintos niveis de coñecemento e estilos de aprendizaxe. Hai actividades graduadas de menor a maior dificultade e de maior a menor control tanto no Student's Book coma no Workbook. Ao final do Student's Book inclúese un apéndice con rúbricas para que os alumnos/as se avalíen entre eles, un apéndice con táboas gramaticais engadidas e exercicios, un apéndice de pronuncia con exercicios engadidos e unha listaxe de verbos irregulares, e ao final do Workbook un glosario, así como un apéndice gramatical e unha guía de escritura na lingua materna dos alumnos/as para os que necesiten apoiarse máis na presentación teórica.

No Workbook inclúese unha gran variedade de exercicios graduados para practicar máis a gramática e o vocabulario, ademais dun ditado, unha sección de comprensión, un exercicio de tradución inversa, e expresión escrita e actividades para que os alumnos/as máis avanzados practiquen cada punto nun nivel máis elevado. Por último, tamén se inclúen catro páxinas de repaso por módulo (Check Your Progress e Competences Check) que permiten atender á diversidade. Ademais, os alumnos/as poderán atopar na web www.burlingtonbooks.es/Options1 as gravacións en formato mp3 dos textos do Student's Book, así como os exercicios de comprensión oral coas súas transcripcións e os ditados do Workbook.

Vistos estes 4 puntos anteriores, podemos concluír que cada alumno e cada alumna é distinto dos demais. Os seus coñecementos, ideas e crenzas previas son distintos; tamén o son as súas capacidades, os seus ritmos de desenvolvemento e de traballo e o seu estilo de aprendizaxe. Se queremos que todos aprendan non podemos pensar que todos saben o mesmo, adquiren as mesmas capacidades, teñen os mesmos intereses ou a mesma maneira de aprender nin igual nivel de motivación.

Atendendo a estas características, o departamento de inglés tomará medidas de atención personalizada nos seguintes casos:

- para os alumnos que teñan o inglés pendente de superar do curso anterior.
 - para alumnos que non promocionaron e repiten curso.
 - para alumnos con necesidades educativas especiais (TDAH, Asperger, autismo, discapacidade intelectual...) ou con problemas de conduta.
 - Para alumnos con desfase curricular ou problemas de comunicación por proceder do estranxeiro.
 - para todo o alumnado que, a través da avaliación continua, demostra que non progresa adecuadamente.
 - para todos aqueles alumnos que nun momento dado presenten unha dificultade de aprendizaxe.
 - Para alumnos que amosen unha alta competencia na lingua inglesa e necesiten tarefas que supoñan un avance na aprendizaxe da lingua. Neste grupo engadirase aqueles alumnos procedentes de países anglofalantes.
- Cando as dificultades de aprendizaxe sexan graves pódense adoptar outras medidas, como o reforzo educativo ou as adaptacións curriculares.

O obxectivo das propostas de atención á diversidade que se indican a continuación é ter presente tanto aos alumnos/as que presentan dificultades como aos que amosan grande facilidade para a aprendizaxe e necesitan novos retos. A atención á diversidade facilítase a través de:

1. Materiais curriculares

- actividades opcionais de extensión e revisión.
- material complementario para afianzar e ampliar os contidos presentados previamente.
- actividades destinadas, principalmente, para aqueles alumnos aos que lles costa seguir o ritmo da clase.
- actividades para alumnos máis avantaxados que acaban as actividades antes que o resto da clase.
- Actividades de autocorrección en páxinas web
- Páxinas web con vídeos e actividades para revisar.

Medidas ordinarias e extraordinarias

Medidas ordinarias

Organizativas

Curriculares

- Adecuación para algún alumno/a ou grupo da estrutura organizativa do centro e/ou da aula.

a) Tempos diferenciados, horarios específicos, etc.

b) Espazos diferenciados.

c) Materiais e recursos didácticos diferenciados.

- Desdoblamento de grupos.
- Reforzo educativo e/ou apoio de profesorado na aula.
- Adaptacións metodolóxicas para algún alumno / grupo, como traballo colaborativo en grupos heteroxéneos, titoría entre iguais, aprendizaxe por proxectos, etc.
- Adaptación dos tempos e/ou os instrumentos de avaliación para algún alumno/a.
- Programas de reforzo para o alumnado que tivo promoción sen superar todas as materias.
- Programa específico para alumnado repetidor da materia.
- Aplicación personalizada dese programa específico para repetidores da materia.

Medidas extraordinarias

Organizativas

Curriculares

- Alumnado que recibe apoio por parte do profesorado especialista en PT / AL.
- De ser o caso, grupos de adquisición das linguas (para alumnado estranxeiro).
- De ser o caso, grupos de adaptación da competencia curricular (alumnado estranxeiro).
- Outras medidas organizativas: escolarización domiciliaria, escolarización combinada, etc. ¿ Adaptacións curriculares na materia.
- De ser o caso, agrupamento flexible ou específico autorizado na materia.
- Alumnado con flexibilización na escolarización.
- Descrición do protocolo de coordinación co profesorado que comparte co titular da materia os reforzos, apoios, adaptación, etc. (coordinación cos PT / AL / outro profesorado de apoio / profesorado do agrupamento / etc.

Para levar isto a cabo, seguirase o método proposto pola editorial do libro de texto escollido por contar cun amplo abano de materiais, formatos e posibilidades para chegar a todo o alumnado. Con este método preséntase a ferramenta Digital Options, que inclúe diferentes ferramentas para axudar á aprendizaxe dos estudantes: Vocabulary Presentation e Grammar Presentation permiten aos estudantes preparar as leccións de vocabulario e gramática antes

de asistir á clase. Vocabulary and Grammar Review conta con exercicios autocorrixíbeis para practicar o vocabulario e a gramática estudados no Student's Book e cobre todos os requisitos do novo currículo oficial. Shuffle Game, que se pode xogar online de maneira individual, ofrece unha práctica engadida de vocabulario e gramática. Record Yourself Dialogue and Activity ofrece multitude de actividades para practicar linguaxe funcional. Project Options subministra axuda e recursos para facer os proxectos online do Student's Book. Digital Options Video permite aos alumnos/as acceder aos vídeos para que poidan velos na casa. O Learning Management System (LMS) online permite aos profesores/as seguir o traballo de cada estudante. Wordlist Plus ofrece aos alumnos/as a posibilidade de traballar con listaxes interactivas de palabras no teléfono móbil e permítelles e consolidar o vocabulario no momento que queiran. O Teacher's Manual ofrece tamén actividades opcionais de reforzo e ampliación, outras de comprensión oral, corrección de erros e información sociocultural e interdisciplinar engadida, ademais de continuas suxestións ao profesor/a sobre como dividir a súa axuda segundo as distintas necesidades da clase. O Teacher's All-in-One Pack ofrece un exame de diagnóstico para facer ao comezo de curso para ver o nivel dos alumnos/as, así como exercicios de repaso para que revisen os puntos nos que atoparon maior dificultade. Ademais ofrece dezoito exames (un por cada sección dos módulos A, B e C), seis exames para os módulos con tres niveis de dificultade, tres exames trimestrais con tres niveis de dificultade, dous finais e catro exames para avaliar as competencias específicas de comprensión e produción oral e escrita (Competences Test), para poder elixir o máis axeitado segundo a capacidade de cada alumno/a. E ademais inclúe follas de traballo (Extra Resources), que se dividiron da seguinte maneira:

- Extra Practice: subministran práctica engadida co mesmo nivel que o presentado na unidade.
- Extension: enfocadas a que os alumnos/as máis avanzados poidan ampliar os coñecementos adquiridos dunha maneira máis significativa e motivadora.

O profesor/a tamén dispón de recursos dixitais, que inclúen: Interactive Whiteboard Materials, coas versións dixitais enteiramente interactivas do Student's Book e o Workbook para facilitar as clases e a corrección; Test Factory and Other Editable Resources, con todo o material do Teacher's All-in-One Pack en formato editábel; Burlington ESO Grammar Factory, para xerar exames de práctica gramatical automaticamente ou para preparalos persoalmente; e Burlington ESO Culture Bank, con materiais culturais especialmente adaptados ao nivel dos estudantes.

7.1. Concreción dos elementos transversais

| | UD 1 | UD 2 | UD 3 | UD 4 | UD 5 | UD 6 | UD 7 |
|---|------|------|------|------|------|------|------|
| ET.1 - Comprensión de lectura | X | X | X | X | X | X | X |
| ET.2 - Expresión oral e escrita | X | X | X | X | X | X | X |
| ET.3 - Comunicación audiovisual | | X | X | X | X | X | X |
| ET.4 - Competencia dixital | X | X | X | X | X | X | X |
| ET.5 - Emprendemento social e empresarial | X | X | X | X | X | X | X |
| ET.6 - Fomento do espírito crítico e científico | | X | X | X | X | X | X |
| ET.7 - Educación emocional e en valores | X | X | X | X | X | X | X |
| ET.8 - Igualdade de xénero | | | X | X | | | X |
| ET.9 - Creatividade | | X | X | X | X | X | X |
| ET.10 - Educación de calidade | X | | X | | | | |

| | UD 1 | UD 2 | UD 3 | UD 4 | UD 5 | UD 6 | UD 7 |
|---|------|------|------|------|------|------|------|
| ET.11 - Cidades e comunidades sustentábeis | | | | X | | | |
| ET.12 - Saúde e benestar | | X | | | | | X |
| ET.13 - Industria, innovación e infraestruturas | | | | X | | | X |
| ET.14 - Vida e ecosistemas terrestres | | | | | | X | |
| ET.15 - Vida submarina | | | | | | X | |
| ET.16 - Auga limpa e saneamento | | | | X | | | |
| ET.17 - Enerxía accesíbel e non contaminante | | | | | X | X | |
| ET.18 - Alianzas para acadar os obxectivos | | | | | | | X |
| ET.19 - Acción polo clima | | | | X | X | X | |
| ET.20 - Fame cero | | | | | X | | X |
| ET.21 - Redución das desigualdades | | | X | | | | |
| ET.22 - Paz, xustiza e institucións sólidas | | | X | | | | |

Observacións:

Inclúense tamén os Obxectivos de Desenvolvemento Sustentábel expostos na Axenda 2030.

7.2. Actividades complementarias

| Actividade | Descrición | 1º trim. | 2º trim. | 3º trim. |
|-------------------------------|---|----------|----------|----------|
| Visita guiada pola localidade | Visitas guiadas pola localidade en inglés para ser conscientes do seu patrimonio cultural e da importancia de saber dálo a coñecer na lingua estranxeira. | X | X | X |
| Cine en V.O. | O alumnado terá a posibilidade de ir ao cine a ver unha película totalmente en inglés. | X | X | X |
| Contacontos | Actividade levada a cabo en colaboración co departamento de Lingua Galega e Literatura para potenciar a mestura e retroalimentación entre linguas. Fomento do plurilingüismo. | X | X | X |
| Teatro en inglés | Os alumnos acuden a unha representación teatral en inglés para desfrutar da mesma e comprender a dimensión artística e cultural da lingua estranxeira. | X | X | X |

| Actividade | Descrición | 1º trim. | 2º trim. | 3º trim. |
|---------------------------|---|----------|----------|----------|
| Escape Room | Os alumnos acuden a unha sala de escape room para realizar xogos e aplicar a lóxica e o seu coñecemento da lingua para levar a cabo a actividade. | X | X | X |
| Burlington Cultural Class | A editorial pon á disposición dos diferentes centros unha clase cultural centrada nun país anglosaxón e informando ós alumnos de forma sinxela e lúdica de aspectos culturais, artísticos, xeográficos, políticos, etc. | X | X | X |

Observacións:

A proposta lista de actividades dependerá do interese do alumnado por participar nas mesmas e da dispoñibilidade.

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

| Indicadores de logro | |
|--|---|
| Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico | |
| 1. | Adecuación do deseño das unidades didácticas, temas ou proxectos a partir dos elementos do currículo. |
| 2. | O desenvolvemento da programación respondeu á secuenciación e a temporalización previstas. |
| 3. | Adecuación do grao mínimo de consecución fixado para cada obxectivo/criterio. |
| 4. | Adecuación do sistema de cualificación. |
| 5. | Vinculación de cada criterio a un ou varios instrumentos para a súa avaliación. |
| 9. | Adecuación das pautas xerais establecidas para a avaliación continua: probas, traballos, etc |
| 10. | Adecuación dos criterios establecidos para a recuperación. |
| 11. | Adecuación dos criterios establecidos para a avaliación final. |
| 12. | Adecuación dos criterios establecidos para a avaliación extraordinaria |
| 13. | Adecuación dos criterios establecidos para o seguimento de materias pendentes |
| 14. | Adecuación dos criterios establecidos para a avaliación das materias pendentes |
| 15. | Adecuación das medidas específicas de atención ao alumnado con NEAE. |
| 18. | Adecuación do seguimento e da revisión da programación ao longo do curso. |
| 21. | O nivel de dificultade foi adecuado ás características do alumnado. |

| |
|---|
| Metodoloxía empregada |
| 20. Grao de integración das TIC no desenvolvemento da materia. |
| 22. Conseguiuse crear un conflito cognitivo que favoreceu a aprendizaxe. |
| 23. Conseguiuse a participación activa de todo o alumnado. |
| 29. Usáronse distintos instrumentos de avaliación. |
| 31. Valorouse adecuadamente o traballo colaborativo do alumnado dentro do grupo. |
| Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos |
| 6. Adecuación da secuencia de traballo na aula. |
| 7. Adecuación dos materiais didácticos utilizados. |
| 8. Adecuación do libro de texto. |
| 30. Dáse un peso real á observación do traballo na aula. |
| Medidas de atención á diversidade |
| 26. Adoptáronse as medidas curriculares adecuadas para atender ao alumnado con NEAE. |
| 27. Adoptáronse as medidas organizativas adecuadas para atender ao alumnado con NEAE. |
| 28. Atendeuse adecuadamente á diversidade do alumnado. |
| Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais |
| 17. Adecuación dos mecanismos para informar ás familias sobre criterios de avaliación, estándares e |
| 19. Contribución desde a materia ao plan de lectura do centro. |
| 24. Contouse co apoio e coa implicación das familias no traballo do alumnado. |
| 25. Mantívoose un contacto periódico coa familia por parte do profesorado. |
| Outros |
| 16. Grao de desenvolvemento das actividades complementarias e extraescolares previstas. |

Descrición:

Profesorado e alumnado, ao termo de cada trimestre, responderán un cuestionario con estes indicadores coa fin de avaliar a práctica docente do proceso de aprendizaxe.

O grao de consecución será: Sempre / Ás veces / Nunca

As posibles modificacións da programación realizadas ao abeiro desta avaliación faranse constar na memoria final do departamento, xunto coas medidas propostas, para ser tidas en conta na programación didáctica do curso seguinte.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

A presente programación didáctica será obxecto de revisión e avaliación permanente, como parte da avaliación do proceso docente, tendo en conta a súa eficacia para conseguir os obxectivos propostos. As observacións dos membros do departamento de inglés, do propio alumnado, do equipo directivo e doutros membros da comunidade educativa serán a base para unha revisión xeral da programación ao final do curso.

Con todo, o seguimento da programación farase en reunión de departamento cando menos unha vez ao mes e cada trimestre se fará unha análise de resultados académicos e as pertinentes propostas de mellora. As cousas que sexan discordantes co propsoto nesta programación, deixaranse reflectidas a través da propia aplicación PROENS. Se debido a todo isto é necesario facer modificacións puntuais, informarase axeitadamente ao alumnado.

9. Outros apartados